

Bases torneos videoxogos



Torneos Legion Gamer

Torneos con formato de dobre eliminación (FT = First To, primeiro en gañar X partidas):

- **Fatal Fury: City of the Wolves (PS4):** Cada set será ao mellor de 3 partidas (FT2), agás o Top 3, que será ao mellor de 5 (FT3).
- **TEKKEN 8 (PS5):** Cada set será ao mellor de 3 partidas (FT2), agás o Top 3, que será ao mellor de 5 (FT3).
- **Street Fighter 6 (PS4):** Cada set será ao mellor de 3 partidas (FT2), agás o Top 3, que será ao mellor de 5 (FT3).
- **Guilty Gear Strive (PS4):** Cada set será ao mellor de 5 (FT3).
- **Windjammers 2 (PS4):** Cada set será ao mellor de 3 partidas (FT2), agás o Top 3, que será ao mellor de 5 (FT3).

Mario Kart 8 Deluxe (Switch):

Torneo con formato 4 xogadores a eliminatoria simple. O formato de cada rolda depende do número de xogadores:

- **4 xogadores:** *Grand Prixes* de 4 carreiras. Na primeira carreira o xogador 1 escolle o circuíto, na segunda escolle o xogador 2, na terceira o xogador 3 e na cuarta o xogador 4. Opcións por defecto, CPU en normal. O gañador é quen obteña máis puntos e clasifícase para a seguinte rolda (Clasifica 1).
- **3 xogadores:** igual que con 4 xogadores, pero na cuarta carreira escolle o circuíto quen vaia perdendo en puntos.
- **2 xogadores:** o formato pasa a ser un duelo ao mellor de 3 carreiras; quen gañe 2 (sen ter en conta as posicións da CPU) pasa de rolda. Na primeira carreira decídese por pedra, papel ou tesoura quen escolle o circuíto; nas seguintes, escolle o circuíto quen perdeu a carreira anterior.

A inscrición nos torneos é de balde. As prazas son limitadas en función do tempo e dos setups dispoñibles. Ademais, para cumprir cos horarios, reservámonos a posibilidade de modificar o número de partidas necesarias para gañar (*First To*) segundo o tempo restante do evento. Os torneos de dobre eliminación terán ese formato en todos os casos.

As horas que aparecen no listado de torneos corresponden ao comezo de cada un. Acude, como mínimo, cinco minutos antes para confirmar a túa asistencia. Mantente atento ao bracket ou ás indicacións da organización para saber cando che toca xogar.

A non comparecencia dun xogador na primeira rolda de winners fará que a súa partida se atrase temporalmente ata o remate desa rolda. Se nunha segunda chamada segue sen aparecer, aplicaráselle un DQ (non poderá continuar desde losers) e será substituído por un suplente, se o houber. Nas demais roldas agardarase todo o posible mentres poidan xogar outros participantes, mais aplicarase DQ no caso de abandono.

Non se aplicarán DQs por participar noutros torneos do evento, mais débese avisar previamente á organización.

Ao participar, os xogadores aceptan cumprir co código de conduta da FGC, dispoñible nesta ligazón: <https://fgcoc.com/>

Tentaremos dispoñer de mandos en todos os setups para poder xogar; porén, recomendamos que cada participante leve o seu propio mando ou arcade stick para disputar as súas partidas. Non se permite o uso de macros distintos dos que ofrece o propio xogo nas súas opcións de configuración.

Pausar a partida en momentos críticos pode ter como consecuencia a perda da rolda. No caso dunha interrupción do xogo por motivos externos (caída de corrente, bloqueo, etc.), tentarse, na medida do posible, devolver a partida ao estado anterior á interrupción.

CAMBIOS NO FT POR NÚMERO DE PARTICIPANTES: Se só hai dous xogadores inscritos nun torneo, o formato pasa a ser un duelo ao mellor de 9 (FT5). Se só hai tres xogadores, o formato pasa a ser Round Robin ao mellor de 5 (FT3). En caso de triplo empate, xogaranse FT1 adicionais ata resolver o empate. Se só hai catro xogadores, mantense a dobre eliminación, pero os sets serán ao mellor de 5 (FT3).

COUNTERPICK: En cada set, o gañador da partida anterior debe repetir o personaxe co que xogou ou volver seleccionar Aleatorio, se é o caso. O perdedor pode cambiar de personaxe ou elixir Aleatorio.

SEEDING: Partindo dun seeding aleatorio, se suben aos mellores seeds (número máis baixo) quen teña máis posibilidades de obter bos resultados. O número de xogadores colocados arriba non poderá superar a metade dos participantes. O resto de participantes manteranse nas súas posicións actuais.

EMPATES: Nun primeiro empate non se conceden puntos. No segundo e seguintes, daráselle un punto a cada xogador (sen reflectirse no marcador final en Challenge). Se un único xogador acadada o requisito de puntos, gaña a partida. Se ambos o acadan e hai un terceiro empate co marcador igualado, o gañador decidírase por lanzamento de moeda.

Outros torneos

Sonic The Hedgehog (Versión SEGA Ages. Switch):

Esta versión inclúe movementos non presentes no clásico como o Spin Dash e o Drop Dash.

- Rolda clasificatoria individual sen inscrición previa no Time Attack de Green Hill Zone Act 1. Os 8 mellores tempos pasan á rolda final.
- Rolda final:
 - Cuartos: Carreiras 1vs1 nas que se suman os tempos (in-game) dos 3 actos de Green Hill Zone. Pasa quen o faga máis rápido.
 - Semis, 3º posto e Final: Batalla de puntuación no modo Mega PLAY (con límite de tempo para pasar niveis e 1 única vida)

Daytona USA:

Carreiras con 8 participantes simultáneos. Inscrición ata 64 participantes.

- 1ª rolda: Circuito Begginer. Clasifícanse os 4 primeiros postos de cada carreira.
- 2ª rolda: Circuito Advance. Clasifícanse os 4 primeiros postos de cada carreira.
- 3ª rolda: Circuito Expert. Clasifícanse os 4 primeiros postos de cada carreira.
- 4ª rolda: Final. 3 carreiras (unha en cada circuito). Cunha puntuación asignada de:
 - 1º– 11 pto.
 - 2º– 8 pto.
 - 3º– 6 pto.
 - 4º– 5 pto.
 - 5º– 4 pto.
 - 6º– 3 pto.
 - 7º– 2 pto.
 - 8º– 1 pto.

No caso de empate, gañará quen máis veces conseguise 1ª posición na final, despois 2ª posición... e así até desempatar.

Super Woden GP 2:

Xógase en Nintendo Switch. O formato é depende do número de xogadores na rolda.